



ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE CASAS DE BAÑOS, DUCHAS, PISCINAS, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E OUTROS SERVICIOS ANÁLOGOS

Nº 26

Artigo 1. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da **Taxa por servicios de casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servicios análogos**.

Artigo 2. Feito imponible

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos de casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos, especificados na tarifa da ordenanza.

2.- Non estarán suxeitas a gravame as utilizacións do polideportivo e do campo de fútbol de Figueroa organizadas polo propio concello, así como as realizadas para adestramentos e competicións de equipos federados, e cando os seus promotores sexan colexios de ensino infantil e primario ou centros de ensino secundario.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

Artigo 4. Responsables

Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.



Artigo 7. Dereito a percibir

Tense dereito a percibir a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade.

Artigo 8. Liquidación

Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou no momento posterior, pero sempre antes de presta-lo servizo ou de realiza-la actividade.

Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación do servizo ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade.

Se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

Tamén se poderá realiza-lo pagamento nas taquillas ou departamentos nas que se desenvolva a actividade.

- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

Artigo 10. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, do 28 de decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o 23.11.1998, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

Publicación B.O.P. : 3-02-1999

Modificacións realizadas:

	Acordo	Publicación B.O.P.
1ª	Pleno 11.02.2000	27.04.2000
2ª	Pleno 13.12.2002	12.03.2003 e 27.03.2003
3ª	Pleno 10.11.2003	26.12.2003
4ª	Pleno 08.11.2004	30.12.2004
5ª	Pleno 10.11.2005	29.12.2005
6ª	Pleno 13.11.2006	30.12.2006
7ª	Pleno 05.10.2007	11.12.2007
8ª	Pleno 02.10.2008	10.12.2008
9ª	Pleno 04.10.2010	29.12.2010

ANEXO

Primeiro. Tarifa

I. Polideportivo

	prezo euros/hora	prezo nocturno euros/hora
Infantís.....	0,95	8,08
Xuvenís.....	1,31	8,08
Sénior.....	1,79	8,08

II. Pistas de Tenis

	prezo euros/hora	prezo nocturno euros/hora
Infantís.....	0,36	1,07
Xuvenís.....	0,70	1,54
Sénior.....	1,54	2,26

III. Pista de Frontón

	prezo euros/hora	prezo nocturno euros/hora
Infantís.....	0,93	7,92
Xuvenís.....	1,28	7,92
Sénior.....	1,75	7,92

IV. Piscinas

Nenos ata 14 anos.....	1,08 € /entrada
Máis de 14 anos.....	2,26 " "

Poderán establecerse bonos nominativos mensuais para maiores de catorce anos por importe de 22,32 euros, e para menores de catorce anos por importe de 14,88 euros.

V. Campo municipal de herba sintética de Figueroa

utilización	sen luz artificial	con luz artificial
	<i>euros / hora</i>	
100% da superficie	24,00	48,00
50% da superficie	12,00	24,00

Segundo. Outras normas especiais de xestión

As cantidades esixibles conforme ás tarifas liquidaranse polo encargado dos distintos servizos, por cada servizo utilizado.